

OS INTÉRPRETES

Banda Filarmónica de Lugo

A Banda Filarmónica de Lugo foi creada en 2013 por iniciativa do seu director, Iván Martínez Sabio, e outros músicos da cidade co apoio da Sociedad Filarmónica de Lugo e do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes.

Ó longo destes 8 anos, alternou unha programación anual na cidade con concertos en diversas localidades de España e Portugal, ademais de traballar con directores invitados, realizar cursos de dirección e gravar un disco.

Antes da pandemia contaba coa Banda Infantil/Xuvenil e o Coro de Nenos e organizaba un obradoiro musical para rapaces todos os veráns (actividades que pretende retomar). Na actualidade, ten a súa sede nas instalacións da Casa de Exercicios que xentilmente cedeu a Diócese de Lugo.

Iván Martínez Sabio

Nace en Ortigueira en 1981, comezando os seus estudos musicais de clarinete e piano na Banda-Escola da súa vila natal e na Academia Maruxa Lema. Realiza os seus estudos de grao medio no Conservatorio de Viveiro con F. Javier Vidal (clarinete) e Eloisa Pérez (piano) e os de grao superior no Conservatorio Superior de A Coruña con Carlos Casadó (clarinete) e Natalia Lamas e Ana Poghosi-an (piano). Asimesmo, cursa un máster en interpretación e análise na Universidade de Oviedo con Javier Balaguer (clarinete) e Ramón Sobrino (análise) e, posteriormente, fórmase en dirección musical con J. R. Pascual Vilaplana.

Ó longo dos anos asistiu a clases con grandes intérpretes de piano, clarinete, música de cámara e dirección e realizou concertos como solista e como director en varios países.

Dende 2009 é profesor de clarinete no Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes e dirixe a Banda Filarmónica de Lugo. En 2021 publicou a revisión para banda da obra *Fantasia sobre Aires Gallegos* de Juan Montes.

IX CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO MIHL Sons-XXI



CONCERTO

THE PAWNSHOP

Sábado 11 de decembro de 2021

18:30 h.

Auditorio Municipal Gustavo Freire



vertixe 10
sonora años

The Pawnshop, filme de cine mudo de Charles Chaplin e composición homónima do galego Antón Alcalde, serve de título para o cuarto concerto deste IX Ciclo de Música Contemporánea de Lugo «MIHLSons-XXI». Precedendo a esta peza multimedia, o concerto iníciase cunha estrea do lucense Uxío Domínguez e cunha creación dun compositor xa consolidado na escena contemporánea como José Miguel Fayos. Na interpretación, esta proposta contará como protagonista coa Banda Filarmónica de Lugo, sen dúbida un dos proxectos pedagóxico-musicais máis relevantes da historia musical da nosa cidade..

PROGRAMA

- **Uxío Domínguez Darriba** *Trémulas** (2021) banda
- **José Miguel Fayos Jordán** *Ecos de un mundo distante* (2009) banda
- **Antón Alcalde Rodríguez** *The Pawnshop*, Op. 7 (2012) banda e filme de cine mudo (*The Pawnshop* de Charles Chaplin)

* Estrea absoluta.

Banda Filarmónica de Lugo

Iván Martínez Sabio dirección

AS OBRAS

Trémulas

“Escrita entre agosto e outubro de 2021, Trémulas está composta a partir de dúas sinxelas ideas: unha sucesión de acordes —inspirada nos bosquejos dun concertino para piano e instrumentos de vento— e unha breve melodía. Estas dúas ideas preséntanse, máis ou menos fieis ás intencións orixinais, no inicio e final da obra e encadran as múltiples aparicións de dous novos temas derivados delas que toman inspiración da música dance”.

Uxío Domínguez Darriba

Ecos de un mundo distante

“Esta peza está inspirada no mito da caverna de Platón e parte de tres elementos que articulan todo o discurso: un tema principal, un tema secundario e un elemento melódico-armónico formado por un acorde tríada maior con 2ª maior e 4ª aumentada. Estes elementos principais son sometidos a diferentes procesos de variación e transformación, dando lugar a outros temas e ideas secundarias e desenvolvendo tres conceptos principais que son a idea do eco e a resoancia como fío conductor da peza, a “difuminación” de contornos e liñas melódicas e a superposición de estratos armónicos, melódicos e tímbricos distintos. Todo ilo queda conformado baixo unha linguaxe que combina a modalidade e a atonalidade libre coa construción e afianzamento de centros tonais ou de polaridade, ademais da utilización de linguaxes, técnicas e recursos do século XX.

Aparte dos materiais propiamente musicais, a peza inclúe a recitación dun texto por parte dos músicos, sendo este un extracto do VII libro da ‘República’ de Platón. A súa tradución ó galego é de maneira aproximada ‘imaxina unha especie de vivenda cavernosa subterránea provista dunha longa entrada aberta á luz...’.

Esta peza está dedicada a Rafael Fayos Jordán”.

José Miguel Fayos Jordán

The Pawnshop

Chaplin interpreta a un asistente nunha casa de empeños. Fai o seu traballo ó seu xeito habitual: insultando a varios clientes excéntricos e quitando o po a un ventilador eléctrico mentres está funcionando. Rifando por unha escaleira, Chaplin enfróntase nunha liorta co seu compañeiro axudante e é despedido. O prestamista dalle unha segunda oportunidade por mor dos seus "once fillos", unha ficción que inventou apresuradamente para a ocasión. Na cocíña, Chaplin coquetea coa atractiva filla do xefe, axudándolle a secar os pratos e pasándoos por un escurridor de roupa. Cando un cliente trae un espertador para ser empeñado, Chaplin participa nun dos seus máis famosos fragmentos de comedia en solitario: examina a fondo o reloxo coma se fose médico e xoieiro. Desmonta o reloxo peza por peza, danándoo irreparabilmente, e

mete con coidado as pezas no sombreiro do home. Despois infórmalle tristemente que o reloxo non pode ser aceptado.

A continuación, un ladrón entra na tenda e finxe que quere comprar diamantes. Chaplin, que se esconde nun baúl tras outra estrepitosa disputa co seu compañeiro de traballo, descobre ó home intentando abrir a bóveda da casa. Chaplin sae do maiteiro, noquea ó ladrón armado e é felicitado polo prestamista e pola súa filla debido á súa valentía e boa acción.

The Pawnshop foi a sexta película de Charles Chaplin para a Mutual Film Corporation. Estreada o 2 de outubro de 1916, está protagonizada por Chaplin, Henry Bergman, Edna Purviance e Albert Austin. Asimesmo, foi unha das películas máis populares de Chaplin, principalmente polo carácter de comedia polo que era famoso naquel momento.

Pola súa parte, a creación musical de Antón Alcalde para este filme foi un encargo do Curtocircuíto – Festival Internacional de Cine, realizando a súa estrea a Banda Municipal de Santiago de Compostela baixo a dirección de Xosé Carlos Seráns.

OS COMPOSITORES

Uxío Domínguez Darriba

Uxío Domínguez Darriba comezou a estudar música ós 6 anos. En 2014 escribiu as súas primeiras composicións e, nese mesmo ano, coñeceu ó compositor Antón Alcalde, quen sería máis tarde o seu profesor de composición. Como intérprete estudou batería e dende 2016 percusión clásica. Tamén recibiu clases de piano e frauta.

Colaborou, tanto como compositor como como intérprete, no Ciclo de Música Contemporánea de Lugo MIHLSons-XXI e dende 2021 forma parte da organización de diversos festivais internacionais de música na cidade de Lugo.

José Miguel Fayos Jordán

Estudou composición no Conservatorio Superior de Música de Valencia con R. Ramos, G. Jiménez, E. Sanz-Burguete, C. Cano e F. Tamarit, obtendo o Premio Extraordinario, aínda que o compositor que contribuíu decisivamente na súa formación foi Alberto Posadas. Paralelamente tamén estudou dirección con José R. Pascual-Vilaplana e Jan Cober. Ademais, ten un Máster en Interpretación e Investigación Musical pola Universidade Internacional de Valencia e actualmente está a cursar o doutoramento en Artes pola Universidade Politécnica de Valencia.

Foi gañador do 1º Premio do II Certame Internacional de Composición “Ciudad de Torrevieja”, Premio do Concurso de Jóvenes Compositores “Hui, hui música” (2006), 1º Premio do I Concurso Iberoamericano de Composición “Villa de Ortigueira”, Premio do III Seminario Composición Permanente do IVM, Premio do Obradoiro de Creación Musical Europea 2013, Selection officielle Coups de Vents 2015 (Francia) e dúas veces Premio “Carmelo Alonso Bernaola” no Premio Xóvenes Compositores da Fundación SGAE-CNDM 2014 e 2015. Foi bolseiro polo IVM para a realización dous seminarios de composición (2009-2011) seleccionado polos profesores J.Mª Sánchez-Verdú e A. Posadas e bolseiro polo European Musical Creation Workshop 2013.

Recibiu encargos de institucións como o Instituto Valenciano de Cultura, Festival Ensems, Festival Internacional de Música da Mancha, Festival de Música Nova (Ketucky, EUA), Orquestra Filharmónica da Universidade de Valencia, Trío Feedback, Quinteto Vergel, Grup Instrumental de Valencia e Banda Municipal de Barcelona. As súas obras foron interpretadas e estreadas por toda a xeografía española e en países como Francia, Suíza, Holanda, Eslovenia, Italia, Portugal, EUA e Colombia, por grupos como Ensemble Art's XXI, Grup Instrumental de Valencia, Pulsar Ensemble, Espai Sonor, Feedback, Quintet Vergel, Wasbe Youth Wind Orchestra (EUA), Orchestre d'Harmonie Conservatoire Strasbourg (Francia), Banda Sinfónica Portuguesa, Banda Sinfónica Xuvenil Colombiana, Bandas Municipais da Coruña, Palma de Mallorca, Bilbao, Madrid, Granada, Valencia e Barcelona, Banda das

Forzas Armadas de Eslovenia, Orquestra di Fiati Alpe Adria (Italia), Brixiae Harmoniae (Italia), Orquestra di Fiati de la Brianza (Italia), Orquestra Filharmónica da Universidade de Valencia e Orquestra Nacional de España, entre outras.

Impartiu conferencias e clases maxistras en WASBE Conference, IFOB, ACO Conducting Academy (Portugal), Corsi di Perfezionamento Musicale (Spilimbergo, Italia) e na Universidade de Louisville (Kentucky, EUA).

Actualmente, é catedrático de composición, xefe do departamento de composición do Conservatorio Superior de Música de Castela A Mancha e director titular da S.A.M “La Nova” de Xàtiva (Valencia) e do Ateneu Musical de Cocentaina (Alacante).

Antón Alcalde Rodríguez

Nado en Rianxo en 1992, Antón Alcalde é un compositor, editor e relator afincado en Taiwán. As súas obras representáronse en máis de 30 países, dende América ata Oceanía, incluíndo países de Europa e Asia. Recibiu encargos de importantes organizacións e solistas nacionais e internacionais como Consello da Cultura Galega (España), Certame Internacional de Bandas de Música Vila de la Sénia (España), Bevers Harmonieorkest (Bélxica), Izumo Symphonic Band Enishi (Xapón), Curtocircuito Film Festival (España), Real Filharmonía de Galicia (España), Hércules Brass Quintet (España) e solistas internacionais como Alexandre Doisy, Roberto Oliveira e Hiroko Yamakawa.

Con 15 anos de idade, Alcalde gañou o primeiro premio no II Certame Iberoamericano de Composición para Banda (2009), repetindo o galardón ata cinco veces no Certame Galego de Composición para Banda (2009, 2010 e 2011), sendo o compositor máis novo en ser premiado. Alcalde recibiu tres medallas simultáneas (prata e dous bronce) nos Global Music Awards (San Diego, California) e foi nomeado dúas veces ós Hollywood Music in Media Awards (Los Angeles, California). En 2016 estreouse a súa obra multimedia *Holograms*, interpretada por Roberto Oliveira no Extravaganza Percussion Festival, na Royal Irish Academy of Music de Dublín. En 2017 foi seleccionado

para unha residencia de composición no prestixioso Arts Iceland Institute de Ísafjörður (Islandia). En 2019, Alcalde gañou o premio 'Francisco Guerrero Marín' no XXX Premio de Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM pola súa obra *Firefly - tras Tokyo Blues* -. A primeira actuación correu a cargo de Koen 2 Ensemble, dirixida por José Ramón Encinar no Auditorio 400 do Centro de Arte do Museo Nacional Raíña Sofía. En 2020, a súa obra *Sculptures in Brass* foi seleccionada polo seminario Juilliard Brass Quintet, impulsado polo prestixioso American Brass Quintet (Nova York, EUA).

Alcalde pasou a formar parte da Asociación Galega de Compositores dende 2011 e dende 2016, baixo o selo Alcalde Music, desenvolve o seu propio proxecto editorial.